CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	PE	90
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos na valoración da riqueza cultural, lingüística, a partir da reflexión dos fenómenos de contacto entre linguas, nas redes sociais e medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e modelos de convivencia lingüística.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	CA1.3 - Evitar algúns usos discriminatorios da lingua, algúns abusos de poder a través da palabra e algúns usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos dun breve texto, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.		
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais, con atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais, con pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos básicos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais, con pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA3.7 - Revisar os propios textos, facer propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma tres obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.		
CA4.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.		
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación da obra lida analizando as relacións internas constitutivas co sentido da obra e das relacións externas co seu contexto sociohistórico e tradición literaria, cunha metalinguaxe específica e con xuízos de valor vinculados á estética das obras.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	CA4.7 - Crear un texto persoal con intención literaria e conciencia de estilo, nun soporte e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	CA1.4 - Utilizar algunha estratexia para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	TI	10
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de tres fontes diferentes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	CA3.1 - Realizar unha exposición oral formal sobre un tema de interese científico e cultural, de relevancia académica e social, según as convencións do xénero discursivo, con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e rexistro axeitado, nun soporte, utilizando recursos verbais e non verbais.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada nunha interacción oral (formal ou informal) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa, estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	CA3.5 - Elaborar un traballo de investigación de xeito autónomo, nun soporte, sobre un tema curricular que implique organizar e integrar a información en esquemas propios; reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.		
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	CA4.2 - Elaborar un traballo de investigación, sobre un tema curricular tendo que seleccionar, contrastar información; calibrar a fiabilidade e pertinencia; organizala, integrala en esquemas; reelaborala creativamente, cun punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.		
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	CA4.6 - Desenvolver un proxecto de investigación nunha presentación multimodal, vinculando os clásicos da literatura española da lectura guiada e outras manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, segundo o tema, tópico, estrutura, linguaxe, recursos expresivos, valores éticos e estéticos		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA4.8 - Revisar os propios textos, facer propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA5.1 - Revisar os propios textos, facer propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América. - Estratexias de reflexión interlingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Producción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación. - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

Contidos

- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

Contidos

- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Levarase a cabo un desenvolvemento gradual e progresivo da materia tendo en conta as seguintes liñas de actuación:

Uso de métodos diferenciados que teñan en conta diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Realización de tarefas complexas para que o alumnado mobilice o seu acervo de recursos e saberes.

Deseño de proxectos significativos para o alumnado baseados en contextos recoñecibles que teñan en conta as súas vivencias.

Traballo cooperativo para que o alumnado xestione a súa conduta e capacidade de relacionarse cos demais, reforzando así a súa autoestima, autonomía, reflexión e responsabilidade.

Uso de diferentes estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade e do espírito científico así como do emprendemento.

Proposta de lectura de obras que estimulen o desexo de ampliar os seus ámbitos de coñecemento e o desenvolvemento de estratexias que potencien a expresión dos seus propios gustos literarios.

Estratexias de lectura compartida.

Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados.

Cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado.

Énfase nas estratexias que melloran a oralidade.

Importancia de utilización de mecanismos que favorezan a corrección gramatical e a ampliación de vocabulario.

Ademais, nas exposicións de contidos das unidades didácticas e probas escritas:

- ao comezo amosarase o contido da unidade que se vai ensinar verificando os coñecementos previos que posúen os alumnos;
- iniciarase a exposición de contidos de cada unidade ao tempo que se inclúen obras, autores/as e feitos sociohistóricos relevantes;
- leranse fragmentos ilustrativos das obras plantexando cuestións guiadas que faciliten a comprensión dos mesmos;
- a exposición será sinxela, áxil, breve, integrando os recursos TIC presentes na aula;
- aclararanse as dúbidas durante as explicacións de contidos, verificando que o grupo as segue satisfactoriamente no seu conxunto;
- realizarase polo menos, unha proba escrita sobre os contidos trimestrais das unidades; o alumnado poderá recuperar os contidos non superados tras a avaliación trimestral mediante unha proba escrita;
- acordarase que o prazo de corrección de probas e tarefas escritas non se alongue;
- as probas escritas corregidas coas oportunas anotacións e observacións, deberán ser presentadas ao alumnado para resolver dúbidas e informar sobre o proceso avaliador.

Pola súa parte, no referente aos apuntamentos e actividades:

- o alumnado poderá tomar apuntamentos das explicacións realizadas na aula para completar os contidos presentes na aula virtual ou no libro de texto e polos obtidos polo alumnado nos seus grupos de investigación;
- as actividades propostas, unha vez corregidas na clase, deberán ser recollidas polo alumnado nunha libreta, ficheiro ou outro medio que lle facilite a súa revisión;
- favorecerase que os hábitos de esforzo e colaboración, necesarios na aprendizaxe, vaian guiados polo desexo e a curiosidade de aprender;
- favoreceranse coas actividades individuais e en grupo a creatividade, a educación emocional e a autoestima do alumnado, así como os ambientes de tolerancia e respecto;
- a práctica de actividades grupais e o intercambio de información entre profesor e alumnado buscarán que as respostas a preguntas e dúbidas sexan resoltas preferentemente entre eles, sen necesidade de que procedan do profesor en primeiro termo ou de forma predeterminada;
- o traballo do alumnado (reflexido nas actividades propostas resoltas, nas intervencións na aula, nas súas exposicións orais, nos seus traballos colaborativos, e tamén na actitude amosada no proceso de aprendizaxe), será tamén obxecto de avaliación.

Por último, no referido ás lecturas de obras literarias:

- a) realizarase unha lectura trimestral de obras propostas, que permitirán, ademáis de avanzar no coñecemento de aspectos literarios e o gusto lector, o traballo nos distintos valores transversais;
- b) a lectura das obras trimestrais deberá ofrecerse como un recurso atractivo, gratificante;
- c) aínda que a avaliación das lecturas trimestrais, por canto resultan manifestacións representativas do currículo da historia da literatura, teñan que realizarse mediante unha proba escrita, intentarase que sexan un medio para que os alumnos amosen a súa capacidade creativa, persoal e orixinal, e reflexionen tamén sen dificultades sobre temas e aspectos da experiencia humana dentro do seu contexto sociohistórico;
- d) interrelacionaranse, na medida do posible, temas e motivos dos grandes clásicos da literatura con outras manifestacións artísticas e multiculturais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Escolma de fragmentos e/ou obras de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Libro de texto: Lengua y literatura. Santillana (Serie Comenta), 1 vol. (978-84-680-0387-0)
Materiais de investigación e consulta.
Diccionario de uso escolar.
Libros de lectura: 1ª avaliación: La escuela de canto, Nell Leyshon; 2ª avaliación: Lazarillo de Tormes, anónimo; 3ª avaliación: Don Álvaro o la fuerza del sino, Duque de Rivas.

En todos os casos teranse en conta as preferencias do alumnado ao hora de facer a selección dos materiais nunha actividade cooperativa e en constante revisión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá un coloquio a partir da análise dun texto que permita traballar sobre cuestións propias da materia a efectos de achegar datos para a avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

Avaliación trimestral:

- Proba escrita do libro de lectura: 10%
- Proba escrita dos contidos curriculares: 80%
- Proxecto de investigación dun tema curricular: 10%.

Na avaliación positiva dun/dunha alumno/a son fundamentais os seguintes procedimentos:

- LIBROS DE LECTURA: En cada trimestre lerase un libro do que se realizará unha proba escrita, tarefa que formará parte dos instrumentos para a avaliación trimestral.
- PROBAS TRIMESTRAIS: os alumnos terán que presentarse ás probas escritas ao longo do curso. Haberá cando menos tres probas escritas obxectivas, unha por avaliación.
- CORRECCIÓN FORMAL NAS PROBAS ESCRITAS: a corrección formal e a destreza no uso da lingua serán tamén avaliadas, de maneira que poderá reservarse en cada proba escrita unha porcentaxe de 2 puntos como máximo (20% da nota do exercicio) para cualificar os erros graves ou reiterados nos seguintes aspectos:

- carencias graves no referido á presentación do exercicio;
- uso de rexistros coloquiais ou vulgares na produción escrita;
- carencias relacionadas coa ordenación lóxica da información e coa estruturación dos parágrafos;
- erros graves de puntuación ou do uso de conectores;
- erros na ordenación lóxica das oracións;
- erros continuados ou graves no uso das normas ortográficas;
- respostas limitadas a monosílabos ou telegráficas nas cuestións que esixan a composición ou elaboración dun tema.

Estes aspectos deberán xustificarse de forma clara con anotacións no exercicio escrito.

NOTA FINAL DE CURSO:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ter avaliación positiva nas tres avaliacións ou nas súas correspondentes recuperacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións ser igual ou superior a 5.

A nota final ordinaria de curso, para o alumnado que supere as avaliacións (ou as súas correspondentes recuperacións), calcularase facendo a media aritmética entre os tres trimestres (as tres avaliacións) sen aplicarlles o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos levarase a cabo unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación que se realizará inmediatamente despois de celebrada a avaliación correspondente, agás na terceira avaliación que se realizará antes da celebración da mesma. A calificación positiva nesta proba de recuperación trimestral refírese exclusivamente ao 100% da nota trimestral. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

Os alumnos/as que non recuperaran algún trimestre (é dicir, tendo suspendido tamén a correspondente recuperación

trimestral), salvo nos casos en que a media aritmética dos trimestres fose igual ou superior a 5, deberán presentarse por regra xeral a unha proba extraordinaria no mes de xuño, segundo o calendario establecido por xefatura de estudos, que avaliará os contidos e criterios de avaliación máis relevantes do currículo. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente, facendo un total de tres exames ao longo do curso, un por trimestre, no que se distribuirá a parte de coñecemento literario. A parte lingüística, dado o seu carácter continuo, será avaliada no exame do terceiro trimestre xunto á parte literaria correspondente a este período.

A materia pendente queda recuperada se o alumnado supera a materia na avaliación feita polo profesor trimestralmente cunha nota de 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente por calquera das vías indicadas, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todos os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos de reforzo e de ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a

súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

-A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

O enfoque e a práctica docente, que posibilitan unha avaliación continuada mediante diferentes instrumentos, son esencialmente acumulativos e reiterativos. As explicacións e as actividades repasan de forma continuada materia xa vista. En consecuencia, esta realidade permite establecer, cando sexa preciso, un mecanismo xeral de reforzo que atenda á diversidade, sempre que os alumnos/as fagan un mínimo esforzo de seguimento na clase, dado que se lles brindan numerosas ocasións de asimilar os conceptos e procedementos básicos correspondentes ao curso, aínda que a súa explicación inicial tivese lugar en trimestres anteriores.

Unha medida para poder traballar mellor as necesidades de cada alumno e alumna consistiría en preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de afondamento variando o grao de dificultade. Nun paso máis, cando a acción de reforzo individual requira maior intensidade, dispoñeremos de material específico fotocopiado tanto para reforzo como de ampliación cuxos textos e actividades supervisaría de forma individualizada o profesor da materia.

Se as medidas que se tivesen que adoptar fosen grupais, o departamento estudaría modificar para o grupo determinados instrumentos de aprendizaxe, como substituír o listado das obras de lectura por outras máis sinxelas, adaptar as actividades vinculadas aos criterios de avaliación avaliábeis, redeseñar a ponderación nos instrumentos de avaliación ou calquera outra que beneficiase ao grupo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.3 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A creatividade e a formación estética.	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	X	X	X
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X	X	X

Observacións:

No artigo 19 do Decreto polo que se regulan a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar ao alumnado no uso de valores que lle permitan facer un emprego eficaz e ético das palabras; ser respectuosos coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmos e colaborar e traballar en equipo; ser creativos e emprendedores. Tamén deben estar comprometidos co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Representación teatral: "La Celestina"	Asistirase durante a segunda avaliación a unha representación teatral baseada na novela de Cervantes..		X	

Observacións:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A materia tamén contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia en conciencia e expresións culturais. Tanto polos contidos teóricos desta materia como polos fragmentos textuais que se traballan nas actividades complementarias, os alumnos entrarán en contacto coas grandes obras e os grandes autores universais, achegándose así ao patrimonio cultural mundial.

Durante os primeiros compases do curso atenderase ás propostas realizadas polos distintos membros do departamento ou por outros departamentos de cara a colaboración en saídas e actividades complementarias e extraescolares. Para iso terase en conta a oferta e os programas de diversos axentes culturais, tales como compañías de teatro, institucións culturais como salas de exposicións ou casas museo de escritores (Casa Museo Rosalía de Castro, Fundación Camilo José Cela), salas de proxección cinematográfica, etc. Ditas propostas, en virtude do seu entronque cos obxectivos e contidos do presente curso, intentaríanse incluír no documento de Programación Xeral Anual do Centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado na aula.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...
Metodoloxía empregada
Como norma xeral, faranse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisa.
Úsanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Conseguíuse motivar a todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Empregaremos os nove primeiros indicadores para analizar a eficacia do proceso de ensino, sendo 4 o nivel óptimo e 1 o nivel máis baixo. Os once indicadores seguintes son os que se poñen en marcha para analizar a eficacia da práctica docente, facendo uso novamente da citada escala do 1 ao 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En reunións de carácter mensual realizarase un seguimento da programación didáctica, ademáis da posta en común que se fará entre profesores que impartan o mesmo nivel. A fin de curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiranse os posibles cambios na programación do curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os seguintes indicadores:

Indicadores de avaliación da programación didáctica (escala de 1 a 4):

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.
4. Vinculación de cada criterio de avaliación a un instrumento para a súa avaliación.
5. Adecuación da metodoloxía utilizada.
6. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.
7. Adecuación das medidas de atención á diversidade.
8. Asociación dos criterios de avaliación cos elementos transversais.
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a cualificación.
11. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.
12. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
13. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.
14. Grao de integración das TIC no proceso de ensino da materia.
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

9. Outros apartados